

Viaxe no tempo

Onte viches unha película cos teus amigos:

As aventuras de Peabody e Sherman.

Encantouche. Estes personaxes teñen unha máquina do tempo construída por eles que os leva ao pasado, aínda que deben ir con coidado de non influír nel para que non afecte o futuro... Uf, que responsabilidade!

Fuches para a cama pensando en que che encantaría conseguir unha máquina coma esa que che ensinase a historia e aprender todo sobre as etapas históricas que traballaches este curso.

Pechas os ollos e empezas a soñar... Alguén che fala! É *Mister Peabody*! Non o podes crer, pero... sabes que é un soño, así que decides gozar dunha noite máxica...



1 Entras na máquina do tempo, acompañado por *Mister Peabody*, e ves como o reloxo dos anos empeza a ir cara atrás... Onde estás? Este debuxo pode darche pistas.



- En que época crees que estades?
Por que o crees?

- Que sucedía neses tempos cando se esgotaban os recursos dunha zona?

- Define:

– Tribo: _____

– Sílex: _____

– Paleolítico: _____

- 2** Vén un mamut! Foxes correndo cara á máquina do tempo e o reloxo indica que é hai 10.000 anos...



En que etapa da prehistoria te atopas?

Como xurdiron a gandaría e a agricultura naquela época?

Por que estas persoas vivían en aldeas e non en covas?

- 3** Que xente máis interesante, e grazas a ela evolucionamos ata agora!
A seguinte parada decides facela no momento en que se crearon as primeiras cidades. Alí, un home que leva un martelo de ferro na man pídeche que respondas unhas preguntas para que che deixe aparcas a túa máquina do tempo dentro do cercado da cidade.

• En que etapa da prehistoria estás? Por que o sabes?

• Escribe que metais se traballaban nesa época por orde de aparición.

• Como xurdiu o comercio?

• Que dous inventos favoreceron o desenvolvemento do comercio?

4 Antes de que te vaias, o xefe da cidade, que está situada na península ibérica, lévate a unha cova en que as paredes mostran esta imaxe.

- De que época crees que son e por que?



- De que zona da península ibérica? Por que?

- Pensas que é unha forma de arte? Xustifica a túa resposta.
